



Acordo do Consello de Goberno, do 30 de setembro de 2025, polo que se aproba a homologación do profesorado substituto con dedicación parcial ao profesorado asociado a efectos de compatibilidade

Ao abeiro da Sentenza do Contencioso-Administrativo 898/2025 do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo. Sección cuarta, recurso de casación número 5313/2023) de 1 de xullo de 2025, o Consello de goberno da Universidade da Coruña, na súa reunión de 30 de setembro de 2025, acorda interpretar a categoría de profesor/a substituto/a a tempo parcial, como equivalente á de profesor/a asociado/a aos efectos do disposto no artigo 4 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, sempre que a súa dedicación sexa igual ou inferior á establecida pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario no seu artigo 79.b) para o profesorado asociado.

O reitor